



# A gran cuestión é o traballo. O traballo á luz do pensamento do Papa Francisco<sup>1</sup>

---

Fernando García Cadiñanos<sup>2</sup>

## 1.- O traballo está a mudar: como ler un futuro incerto?

Pensar o tema do traballo no pensamento do Papa Francisco fainos descubrir como o Papa Francisco nos axuda a ter unha actitude e a abrir un proceso na nosa Igrexa perante a realidade do traballo. Este camiño e este proceso revélanse en pasos que non están moi lonxe do que sería a revisión de vida da Acción Católica, aínda que fundamentalmente profundan nunha forma de estar como Igrexa na realidade do traballo.

Cal é este camiño que o Papa Francisco nos convida a seguir e a vivir? É un camiño que pasa por certa actitude de escoita e de ollar a realidade. É a realidade que nós vivimos. O que o traballo significa hoxe require un ollar desde as periferias que nos axude a ter outro punto de vista, outro horizonte. Un ollar que, se estiver baseado na misericordia e no sufrimento, levaranos tamén á indignación. Non hai dereito! Temos que exixir e temos que traballar por outro mundo a partir da conciencia de que o traballo ocupa un lugar fundamental na vida das persoas. Tamén a partir do que o traballo significa na nosa sociedade, porque o traballo é a base de todo o sistema social, de como nos organizamos socialmente.

---

1 Este texto corresponde á transcripción literal do relatorio que o bispo de Mondoñedo-Ferrol pronunciou no XXIII Foro de Encrucillada. O traballo de transcripción foi feito por Clara Balañas, Carme Solloso, Manolo Regal, Xosé Antón Miguélez, María Cancelo e Marisa Vidal.

2 Fernando García Cadiñanos é Licenciado en Ciencias Sociais (Doutrina e Ética Social) pola Pontificia Universidade Gregoriana de Roma. Desde o ano 2021 é bispo da diocese de Mondoñedo-Ferrol. Na diocese de Burgos, da que procede, foi delegado de Pastoral Obreira e delegado diocesano de Cáritas (2015).